



RAPACIÑ@S

A tecnoloxía ben segura

14 DE MAIO

Cidade da Cultura de Galicia.
Santiago de Compostela

A era dixital abre un mundo de posibilidades que require un bo uso das novas ferramentas por parte das nenas e nenos. **Rapaciñ@s** vai de normas e límites para un uso seguro da Internet e tamén de valores e oportunidades na esfera dixital.

Na enquisa feita aos asistentes das xornadas **"Navega con Rumbo polo Ciberespazo"**, impulsadas polo CPEIG en máis de 170 centros, en relación á pregunta **"Que outros aspectos do campo das novas tecnoloxías cre que serían necesarios abordar en charlas no seu centro?"** hai dúas temáticas claramente destacadas:

Redes sociais e menores (elixida polo 75,58% dos participantes)

Técnicas de control parental (elixida polo 58,72% dos participantes)

Destas preocupacións naceu o pasado ano a iniciativa **Rapaciñ@s**, unha serie de charlas informativas que volverán percorrer Galicia da man das colexiadas e colexiados do **CPEIG** e que arrinca cun gran evento na Cidade da Cultura. Familias e docentes atoparán información e recursos de interese, namentres as nenas e nenos desenvolven a súa creatividade tecnolóxica a través de obradoiros pensados para que se divirtan e aprendan.

Xornada para nais e pais

Lugar: Salón 1 do Edificio Cinc

Horario: 17:30 H. a 19:30 H.

Obxectivo: análise do uso que fan os menores da Internet e dos seus riscos desde diferentes perspectivas. Instrumentos de apoio ás familias para prever riscos.

17.30 H. Benvida e presentación da xornada

Mar Pereira, Directora da Amtega.

Fernando Suárez, presidente do CPEIG

17.45 H. Dolors Reig.

"Internet non é doutro mundo: acompañando os nosos rapaces na nova contorna dixital"

Psicóloga social, conferenciante, consultora e profesora en distintas universidades, empresas, organizacións e eventos. Actualmente dirixe a academia El Caparazón en especialidades de psicoloxía e social media e é a editora principal do recoñecido blog El Caparazón, no que aborda cuestións como a educación 2.0, as redes sociais e a innovación, entre outras.

Obradoiros para nen@s

Obxectivo: Ofrecerlles aos menores actividades relacionadas coas novas tecnoloxías nas que se combinan o aspecto lúdico co didáctico.

Idades recomendadas: de 8 a 14 anos.

Horarios: de 16.30 H. a 19.30 H.

Temáticas: Creatividade tecnolóxica.

Prazas e horarios:

- **3 Obradoiros de Minecraft** (30 prazas): 17.00 H. • 17.45 H. • 18.30 H.
- **2 Obradoiros de Scratch** (20 prazas): 17.00 H. • 17.30 H.
- **4 Obradoiros de Robótica educativa** (24 prazas): 17.00 H. • 17.30 H.
18.00 H. • 18.30 H.
- **1 Obradoiro de Robótica** (20 prazas): De 17.00 H. a 19.00 H.

Lugar: Espazos abertos da Cidade da Cultura, próximos ao auditorio.

Empresas encargadas dos obradoiros :

Tech Academy e Arkitas Robótica

Os participantes deberán traer un ordenador portátil para a realización dos obradoiros.

Inscripción en <https://goo.gl/VRmmjK>